

NOVIDADES DO CIRCUÍTO 2020, CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

Unha das novidades máis importantes nesta nova edición serán os prazos de inscrición. Para os corredores dos Circuitos 10K, 3K Contra o Cancro e Circuito de Categorias Base o prazo de inscrición pechará o luns día 2 de marzo ás 23'59h.

O prazo de formación de equipos tamén vencerá o luns día 2 de marzo ás 23'59h.

O prezo para a inscrición nos Circuitos 10K e 3K Contra o Cancro será de 35€+chip no suposto de non posuílo.

Os participantes de Carreira nestas probas terán ata o mércores anterior á proba ás 23'59h e correrán con chip no dorsal. Neste suposto hai 2 prazos de inscrición ata luns anterior á proba ás 23'59h 8€+1€ de chip e ata mércores anterior á proba ás 23'59h 11€+1€ do chip.

CATEGORÍAS BASE: [para participar no circuito das diferentes categorías, excepto pitufos](#) (que non teñen a posibilidade de participar en circuito), [inscribirse no circuito será gratuíto pero será obrigatorio a adquisición do chip amarelo para poder participar no mesmo.](#)

O prazo de inscrición serán os mesmos que para adultos, Circuito ata luns día 2 de marzo ás 23'59 e para participante de Carreira, mércores ás 23'59h, estes correrán con chip no dorsal.

A organización tomou a decisión de incorporar novos xeitos de participación nas probas 10k e 3k Contra o Cancro:

Na VII edición permitírase que todos/as os/as interesados/as podan competir nas carreiras 3K (categoría absoluta) e 10K (categorías sénior, M40 e M50), ben como corredores/as de Circuito ou ben como corredores/as de carreira.

Para poder facelo deberán inscribirse en ámbolos dous Circuitos ou carreiras.

(Suposto 1) ATLETA QUE SE INSCRIBE NOS DOUS CIRCUÍTOS: No caso de que un atleta se inscriba nos dous Circuitos correrá co mesmo dorsal e chip en ámbolos dous.

(Suposto 2) ATLETA QUE SE INSCRIBE NUN CIRCUÍTO E NUNHA CARREIRA: No caso de inscribirse como corredor de Circuito nun deles e como corredor de carreira no outro, terá un dorsal e chip de circuito e ademais un dorsal e chip de carreira que deberá recoller na carreira en cuestión.

(Suposto 3) ATLETA QUE SE INSCRIBE NA PROBA 3K E NA PROBA 10K NUN CONCELLO DETERMINADO: No caso de que un/unha corredor/a que non está inscrito/a en Circuito e queira correr as carreiras 3K e 10K dun determinado concello tamén poderá facelo. Neste suposto deberá facelo cun dorsal e chip distinto para cada unha delas.

En calquera dos supostos anteriores o/a atleta recibirá unha única camiseta conmemorativa.

O circuío este ano contará con Terio Carrera como speaker, e queremos aproveitar para agradecer publicamente a Jesús Silva a súa implicación no mesmo, durante estes catro anos, tanto como speaker, como xuíz árbitro das diferentes carreiras do circuío, nas que fixera as dúas funcións e así llo transmitimos aos responsables da F.G. Atletismo e a el mesmo, solicitando a posibilidade de que el fose o xuíz árbitro de todas as probas do circuío 2020, agardamos que poda darse esta situación.

Grazas Suso.